

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 29 de maio de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 29/05/2025
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 29/05/2025
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026
- V. Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2025/2026
- VI. Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2025/2026
- VII. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026
- VIII. Regulamento de Traballo de Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- IX. PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2025/2026
- X. Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 25 de abril de 2025.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección [Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola](#), de acceso libre.

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen sinala que en primeiro curso dos graos se fixaron dúas semanas, unha por cuadrimestre, sen clases, para realización de probas de avaliación continua, de xeito consensuado coas persoas coordinadoras das materias de primeiro. Se trata dun plan piloto, soamente para primeiro curso, que implica o acordo de realizar dous parciais na avaliación continua de todas as materias. Propón publicar este calendario no espazo de

Moovi de primeiro e non na web do centro para evitar posibles confusións ao estudantado do resto dos cursos das titulacións de grao. Agárdase que este cambio mellore a planificación dos estudantes de primeiro e contribúa a solucionar a problemática da ausencia a clase cando hai parciais doutras materias.

En canto ao calendario xeral comenta que ten a mesma estrutura que cursos anteriores e sinala os festivos, as semanas de fin de carreira, etc. Finalmente comenta o calendario para os estudos de máster.

A Xunta de Escola aproba os calendarios (Anexo IV) por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

4. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2025/2026.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta (Anexo V), indica as novidades ocasionadas polos novos procedementos de tramitación en SIGMA.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado e aclara que se farán sesións informativas e se lembrarán as datas importantes.

5. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2025/2026.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta (Anexo VI), e indica que ten unha estrutura similar ao calendario de TFG.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

6. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen sinala que a proposta (Anexo VII) é parecida á dos cursos anteriores pero con as modificacións necesarias para ter en conta a modificación da PDA deste curso. Comenta os principais cambios e sinala que os horarios están consensuados co profesorado. Aclara que fixo unha primeira asignación de espazos e parece que encaixa pero podería xurdir algún axuste.

Engade que nos horarios do MUEM os cambios son maiores debido a algúns problemas de incompatibilidade dun profesor e aclara que tamén están consensuados.

A Xunta de Escola aproba os horarios por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, do Regulamento de Traballo de Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora do MUXSA na UVIGO, quen lembra que xa se aprobou nunha sesión anterior pero polos procedementos das outras universidades participantes houbo que facer algunhas modificacións menores. Amosa o regulamento (Anexo VIII) e comenta as modificacións incluídas.

A Xunta de Escola aproba o regulamento por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

8. Aprobación, se procede, de modificación da PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2025/2026.

A Directora comenta que fai unha semana, debido a que lle foi comunicado á profesora Teresa Rivas a concesión de ano sabático para o curso 2025/2026, na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas aprobouse non ofertar este curso a materia optativa que ía impartir, “*Contaminación de solos e remediación*”, e pospor un ano a súa implantación; isto supón unha modificación da PDA (Anexo IX) polo que se precisa da ratificación en Xunta de Centro.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, esta modificación da PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, que supón non impartir a materia “*Contaminación e remediación de solos*”.

9. Aprobación, se procede, do Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora lembra o proceso de Acreditación Institucional dos centros e as vantaxes que supón a súa obtención. Indica que a actual tiña validez ata xaneiro deste ano polo que procede a súa renovación.

Explica que se debe achegar un autoinforme xunto cunha serie de evidencias e indicadores correspondentes ás titulacións impartidas no centro por un período de 6 anos, centrándose algunhas delas nos últimos 2 cursos. Comenta a estrutura do documento e sinala que están marcadas en amarelo as ligazóns pendentes de incluír. Amosa o documento (Anexo X) destacando as principais aportacións en cada directriz.

A Xunta de Escola aproba o autoinforme por asentimento.

A directora agradece o traballo realizado polo Coordinador de Calidade, Guillermo García, e o apoio de Carmen Romo e da directora da Área de Calidade da Universidade.

10. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

A Directora lembra o novo procedemento e indica que se tiñan dúbidas sobre como proceder en relación coas solicitudes achegadas ao centro para emisión de informe, polo que se fixeron as correspondentes consultas e aínda non se tivo resposta. A Presidenta propón retirar o punto á espera das respostas ás consultas efectuadas, para ver como proceder.

11. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

12. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 39 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 29/05/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o xoves, 29 de maio de 2025.

A reunión terá lugar na **Aula M213**, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 25 de abril de 2025.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026.
- 4) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2025/2026.
- 5) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2025/2026.
- 6) Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026.
- 7) Aprobación, se procede, do Regulamento de Traballo de Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- 8) Aprobación, se procede, de modificación da PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2025/2026.
- 9) Aprobación, se procede, do Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 10) Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.
- 11) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 12) Rogos e preguntas.

Vigo, 22 de maio de 2025

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 29/05/2025

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 29/05/2025

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Andrés Herguedas, Laura
3. Araújo Fernández, María
4. Deive Herva, Francisco Javier
5. Domínguez Santiago, Ángeles
6. Eguía Oller, Pablo
7. García Bastante, Fernando
8. García Lomba, Guillermo
9. Giráldez Pérez, Eduardo
10. Guitián Saco, M^a Beatriz
11. Martínez Sánchez, Joaquín
12. Patiño Vilas, David
13. Pazo Rodríguez, María
14. Pérez Orozco, Raquel
15. Pozo Antonio, José Santiago
16. Rodríguez Rodríguez, Ana María
17. Saavedra González, Ángeles
18. Vázquez Dorriño, José Benito
19. Vijande López, Javier

Alumnado

—

Persoal de Administración e Servizos

20. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Alejano Monge, Leandro
- Diez Ferrer, José Bienvenido
- Goicoechea Castaño, María Iciar
- González Rodríguez, Elena
- Pérez Pérez, M^a Carmen
- Rivas Brea, Teresa

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de
Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico
2025/2026

ANEXO V

Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico
2025/2026

ANEXO VI

Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso
académico 2025/2026

ANEXO VII

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía para o curso académico 2025/2026

ANEXO VIII

Regulamento de Traballo de Fin de Máster do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga

ANEXO IX

PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o
curso 2025/2026

ANEXO X

Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía